
CLAVE DE BÓVEDA

Texto de MANUEL ÁLVAREZ TORNEIRO

Limiar de TERESA SEARA

Ilustracións de MANUEL MOLDES

Encadernación rústica, sobrecuberta. 14,5 x 21 cm. 112 páx. 15 €

ISBN 978-84-16721-76-4. Tambo. Faktoria K de Libros.

VÉS DE LONXE, REGRESAS

das contendas do mundo,

dos país primeiros

sobre as vellas pegadas.

Chegas cos teus iguais,

damnificados todos,


e oficias na fe

coa túa pregunta nunca contestada...

Este novo libro de Manuel Álvarez Torneiro, inédito e póstumo, é un agasallo que lles deixa o seu autor aos amantes da palabra. Tamén nesta obra volve ofrecer -algo propio dun servo da beleza- bálsamos para a alma. A súa é unha poesía contra a memoria dunha infancia rota, contra a fame de soños e de pan, contra os océanos da fatalidade e contra o medo que arrefría o corazón. É asemade unha poesía teimuda e permanentemente a favor do milagre invencible do amor, do matemático consolo das músicas e do estourar cómplice da rosa e da camelia. A favor, en suma, da esperanza...

Así foi convocada en cada verso de cada poema de cada libro seu a luz pura da revelación, mentres o poeta construíra unha obra feramente sabia con paciencia de ourive e con enerxía de titán. Velaí a lección derradeira de Torneiro: ningún día sen poesía. Para seguir alimentando unha vez máis o asombro, esta «Clave de bóveda».

“Apoiándose en tres puntos de ancoraxe (memoria, beleza e tempo)”, explica a profesora Teresa Seara no limiar, este poemario “pecha un arco construído con palabras que se revelan como pontón e alicerce, alimento e luz” e que significa “unha nova cala no indescifrable, nos misterios da vida cos seus momentos de dor e de gozo”.



■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** outros títulos da colección Tambo: «[Os ángulos da brasa](#)» (Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio da Crítica Española 2012, Premio de Poesía da AELG 2012 e Premio Nacional de Poesía 2013), «[Onde nunca é mañá](#)» e «[Rigorosamente humano](#)» de Manuel Álvarez Torneiro; «[Alén da fronteira. Sete poetas vascos](#)» (Premio Lois Tobío de Tradución 2012); «[Triptico](#)» de Antoni Marí; «[Espiral de sombras](#)» de Xavier Seoane; «[Estrela do norte](#)» de Luís Rei Núñez; «[Tempo de exilio](#)» de Joseba Sarrionandia (I Premio Etxepare-Laboral Kutxa de Tradución 2015); «[Diario de Crosses Green](#)» e «[A ganancia e a perda](#)» de Martín Veiga; «[Tempo transfigurado](#)» de Cesáreo Sánchez Iglesias; «[Cervatos](#)» de Lucía Novas; «[Feliz idade](#)», de Olga Novo (Premio Nacional de Poesía 2020, Premio da Crítica Española 2019, Premio Gala do Libro Galego 2020).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/clave-de-boveda-g>

Manuel Álvarez Torneiro

(A Coruña, 1932 - 2019)

Traballou durante moitos anos no xornalismo, vencellado ao diario La Voz de Galicia. Mantivo unha actividade poética ininterrompida dende a súa estrea serodia coa obra «Memoria dun silencio» (1982). A súa traxectoria inclúe os títulos «Fértil corpo do soño» (1985), «Luz de facer memoria» (1999, Premio González Garcés e Premio da Crítica Española) e «Campo segado» (2001). Dende entón, publicou os seus libros na colección Tambo: «Epicentro» (2003, finalista do Premio Nacional de Poesía), «Setembro Stradivarius» (2004), «Parábola do incrédulo» (2006), «Os ángulos da brasa» (2012, Premio Nacional de Poesía, Premio da Crítica Española, Premio Ánxel Casal da Asociación Galega de Editoras e Premio de Poesía da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega), «Onde nunca é mañá» (2014) e a edición definitiva de «Rigorosamente humano» (2015).